

# A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE PROMOVE A DOAZÓN NA CIDADE DA XUSTIZA EN VIGO

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) estará ao longo da presente xornada na Cidade da Xustiza de Vigo para incentivar a participación nas campañas de doazón de sangue de todos os profesionais que desexen colaborar.

As persoas que queiran participar activamente, poderán acudir ata a unidade móbil da ADOS que estará estacionada na Rúa Puerto Rico das 09:30 ás 14:30 horas.

A Axencia quere agradecer a todos os traballadores e traballadoras a súa participación e convidarlles a que continúen a incrementar ás 968 doazóns que se teñen rexistrado ata a actualidade nesta campaña que, anualmente, acolle a Cidade da Xustiza.